

Engracia Vidal

MULLER, RELIXIÓN E LINGUA.

Engracia Vidal traballou desde a fe cristiá por reivindicar o papel da muller na igrexa e por contribuír á defensa e normalización do uso da lingua galega como lingua de culto. Consciente do difícil da súa misión, maniféstase convencida de que, aínda que é posible que ela non chegue a vivir ese momento, a igrexa está na obriga de coñecer a sociedade e, máis tarde ou máis cedo, deberá escoitala e atender as súas demandas e reivindicacións.

A vocación de Engracia maniféstase desde moi nova, despois de realizar os seus primeiros estudos no colexio do Sagrado Corazón dos Praceres, en Pontevedra. A súa formación relixiosa complementábase durante a mocidade coa preparación en Maxisterio e, posteriormente, consegue obter tamén unha licenciatura en Historia e formarse en Teoloxía. Profesionalmente, a súa traxectoria repártese entre os labores propios do oficio relixioso, o seu traballo de mestra e a súa traxectoria como escritora e como directora da revista Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristiá.

Como relixiosa, Engracia Vidal defínese herdeira do Concilio Vaticano II, momento no cal se abren as portas a todas as persoas para se integrar como parte da comunidade da igrexa, onde se procura unha igrexa máis próxima ao pobo, ás persoas, e no que se promulga a substitución do latín como lingua de uso en favor das linguas propias. Para Engracia, a asunción do Concilio Vaticano II supón asumir un compromiso social coas persoas máis desfavorecidas e a súa misión é axudar no seu desenvolvemento persoal independentemente da súa condición social. Motivada por este afán, en 1970 funda, en colaboración con outro equipo de monxas, unha residencia para mozas universitarias en Santiago



de Compostela (concretamente na rúa San Roque 22) cuxo obxectivo era ofrecerlles ás mozas máis desfavorecidas economicamente alternativas accesibles para estudar.

“O social o mamei despois do concilio; eu aí espertei a que a vida relixiosa que eu tiña non era a que tiña que haber”.

A singularidade desta residencia, que foi pioneira en modelo de xestión e pola vontade social con que nace, permitíalle ás residentes pagar un prezo reducido pola súa estadía a cambio de colaborar no mantemento e nos labores cotiás da institución. A implicación de Engracia neste proxecto foi total, nun momento en que as mudanzas no seo da igrexa após o Concilio Vaticano II xeraban na súa contorna importantes debates e mesmo fortes discrepancias. Como rexedora da residencia mantívose catro anos cando, convencida da necesidade de se seguir a formar, solicita un ano de permiso coa idea de se dedicar en exclusiva aos seus estudos de Historia e Teoloxía. Concédennlle un ano de permiso e trasládase a Madrid, onde estudará boa parte da licenciatura.

No entanto, e grazas á súa formación como mestra, durante a súa carreira profesional impartiu aulas en diferentes lugares, desde Granada, Pontevedra, Madrid ou Santiago de Compostela. Precisamente, en Santiago de Compostela exerceu como profesora no Seminario Menor, converténdose así na primeira muller en dar aulas no Seminario, en concreto, de Historia e Gramática Castellana. Con todo, a súa dedicación profesional non se limitou ao ensino e a súa responsabilidade como monxa obrigábaa a mudar de oficio ou lugar de residencia en función das necesidades. Este afán por cumprir coa súa obriga como relixiosa, levou Engracia a residir por temporadas en cidades como Roma ou París, das que garda un recordo especial da convivencia e do ambiente enriquecedor que caracterizaban estes encontros de carácter internacional.

“A París fun un pouco por certo agotamento despois de Santiago, tivéramos alí moitos conflitos (...). Xurdiu entonces, entonces estaban xurdindo cantidá de novidades, esto era o ano 75, debeu de ser, entonces lle mandaron un anuncio ás monxas dun equipo en que había unha monxa, había unha franciscana misioneira, un pedagogo, sociólogo e dúas ou tres persoas máis moi inquietas socialmente e se lles ocorreu fundar o INODEC, en francés, Instituto para el Desarrollo de los Pueblos. Eu en ese momento estaba bastante agotada e a provincial díxome ‘mira, nos acaba de llegar esto’, un boletín deses de anuncio, ‘que parece que está muy bien’, e claro, nese momento despois do concilio a Igrexa estaba moi creativa en cousas novas, ‘mira, esto es lo que hay’, efectivamente (...) había gente de todo el mundo, esas cosas son muy ricas en formación, un grupo de 40, donde hai xente de América do Norte, de América do Sur, de África, de España, de todo o mundo, eso foi un ano de formación en París cun grupo internacional, para aprender desde a fe a encarnación, o que pedía o concilio (...)”.

Precisamente, durante a súa estancia en París é cando lle ofrecen participar na revista Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián, unha revista fun-



dada no ano 1977 e que se mantén aínda viva a día de hoxe, a pesar das dificultades que supuña e supón facer unha publicación de temática relixiosa e en lingua galega. O comezo non foi doado pero contaban cun equipo de traballo forte e moi entusiasmado coa idea que souberon transmitirille a firmeza do proxecto:

“Estando en París foi cando xurdiu en Santiago o proxecto de Encrucillada (...). En Santiago empezou un grupo e pensaron en min como primeira gerente, tiña que ser unha persoa que lle dedicara a vida ou polo menos moita parte da vida (...). Chamáronme e citáronme en Barcelona, tiven que baixar a Barcelona desde París. Unha aquí foi a Barcelona, María Pilar Wirtz, (...). Era unha revista, o que é, o pensamento naquel momento foi o dunha revista, dáte conta que estamos no ano 70, Franco non morrera aínda (...). A revista saliu no 77 pero isto foi un tempo antes. Pero neses anos cando Franco empezou a decaer xa se estaban vendo que a cousa iba a cambiar foi cando eu estaba en París e en Santiago, sin que eu soubera nada de nada, empezou un grupo a reunirse coa idea de fundar unha revista dentro do movemento galeguista, porque claro había un movemento clandestino hasta ese momento pero había xa moita xente comprometida con esta causa (...). Foi un grupo de 12, 13, 15 persoas e así empezaron con reunións e a trazar un proxecto”.

A través desta revista, Engracia consegue unir dous mundos de grande importancia para ela, a relixión e a reivindicación de Galicia e do galego como lingua culta.

“Eu non me podo dividir. Eu son unha persoa. E como persoa teño unha sensibilidade que me desperta a fe, e o compromiso coa fe, e outra sensibilidade que me desperta o amor á terra, o amor á lingua, o amor a Galicia”.

Encrucillada foi un espazo de reafirmación persoal que supuxo en ocasións enfrontamentos con persoas achegadas e que implicou loitar contra moitos estereotipos e prexuízos que, ou ben cuestionaban o tema relixioso, ou ben renovación que implantara o Concilio Vaticano II no seo da igrexa ou ben renegaban do uso do galego como lingua vehicular para unha publicación destas características:

“Por un lado era o galego, polo cal toda a xente que estaba en contra do galego non aceptaban Encrucillada e logo, por outra parte, era unha liña de cristianismo actual, moderna e claro, había moita xente que era moi carca e que lle parecía sacrílego todo o que facíamos”.

Mais para Engracia Vidal hai aínda outro tema que é símbolo de loita e preocupación, tema polo que leva moito tempo a loitar dentro da igrexa e ao que dedicou unha publicación: a muller e a igrexa. O seu pensamento e reflexións ao redor desta cuestión recóllense en *Por unha igrexa tamén feminina*, publicado no ano 2000 na sección de Monográfica Encrucillada, e que está formado por unha serie de artigos sobre a situación da muller na igrexa, do progreso, do retroceso e tamén do estancamento. Coñecedora da realidade da situación e muller concienciada, Engracia foi rompendo barreiras durante toda a súa traxectoria. Así, por exemplo, foi a primeira muller que impartiu unha conferencia de tema teolóxico



en Galicia, en concreto en 1971; exerceu, como se indicaba anteriormente, como a primeira muller mestra no Seminario Menor de Santiago de Compostela; e participou dos primeiros grupos de mulleres que asistiron aos Coloquios Europeos de Parroquias. Pioneira no seu ámbito, está convencida de que a igrexa non vai poder resistir a mudanza social:

“Para min é evidente que se Deus nos fixo home e muller, pois a igrexa ten que estar formadas por homes e mulleres e en situación de igualdade. [...] Si, me resulta penoso que unha igrexa que, por un lado, eu quero a igrexa, pertenezco a ela e creo que ten moitos valores e que fixo moitísimas cousas na sociedade e no mundo pero eso me parece unha pena, unha limitación e algo... Teño sempre a seguridade, eu teño a seguridade de que iso chegará”.

Vivir a súa vida na igrexa axudouna a ser consciente das necesidades de cambio, de renovación, da importancia de escoitar e achegarse á sociedade. Admite que algunhas das cuestións tratadas lle xeran malestar pero tamén confesa estar convencida dos seus posicionamentos e defende con enerxía a presenza da muller na igrexa e en galego:

“A relixión tamén ten que adaptarse ao momento, ao momento que vive cada un. E non é igual a vivencia relixiosa e a vivencia de fe dun señor que viviu no século XIII, a outro que viviu no IX e a outro que viviu no XXI”.